



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

PDR 2014_2020 DE GALICIA

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Medida 16 Cooperación

Submedida 16.1

**Apoio para a creación e o funcionamento
de grupos operativos da EIP en materia de
produtividade e sustentabilidade agrícolas**

Operación 16.1.2

**Axuda para a execución de proxectos dos
grupos operativos da AEI**

Índice

1. Medida 16. Cooperación	2
1.1. Submedida 16.1 Apoio para a creación e o funcionamento de grupos operativos da EIP en materia de produtividade e sustentabilidade agrícolas - Operación 16.1.2: Axuda para a execución de proxectos dos grupos operativos da AEI	3
1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?	4
1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?	4
1.1.3. Como se outorga a axuda?	4
1.1.4. Que tipo de gastos se financian?	4
1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?	6
1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?	6
1.1.7. A canto ascende esta axuda?	7
1.1.8. Quen xestiona esta axuda?	7
1.1.9. Marco normativo	7
1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados	8



1. Medida 16. Cooperación

Para este período 2014-2020 a Unión Europea aposta pola innovación nos proxectos, produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías que afectan ao sector agrario, forestal e agroalimentario. É por iso, que no Programa de Desenvolvemento Rural se trata a cooperación como un elemento transversal e se orienta principalmente á innovación. A medida de cooperación componse dun conxunto de 7 axudas que fomentan o traballo en conxunto co fin de incluír melloras nos sectores agrario, forestal e agroalimentario galegos.

Dado que a cooperación se entende como unha medida transversal ao conxunto de actuacións recollidas no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020, formúlanse dúas liñas de traballo, por unha banda, as axudas referidas ao desenvolvemento de proxectos piloto e novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías nos sectores agrícola, forestal e cadea alimentaria. E polo outro, as axudas destinadas a fomentar a cooperación como eixo condutor do cumprimento das prioridades de desenvolvemento rural.

Para iso, articúlanse as seguintes submedidas:

- ✓ Submedida 16.1 Apoio para a creación e o funcionamento de grupos operativos da EIP en materia de produtividade e sustentabilidade agrícolas
 - Operación 16.1.1: Axudas á creación de grupos operativos da AEI
 - Operación 16.1.2: Axuda para a execución de proxectos dos grupos operativos da AEI
- ✓ Submedida 16.2 Axudas para proxectos piloto e desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías
- ✓ Submedida 16.3 Cooperación entre pequenos operadores para organizar procesos de traballo conxunto e compartir instalacións e recursos, así como para o desenvolvemento / a comercialización do turismo
- ✓ Submedida 16.4 Apoio para a cooperación horizontal e vertical entre os axentes da cadea de subministración para a creación e o desenvolvemento de cadeas de distribución curtas e mercados locais e para actividades de promoción nun contexto local relacionado co desenvolvemento de cadeas de distribución curtas e mercados locais
- ✓ Submedida 16.5 Apoio para accións conxuntas realizadas con vistas á mitigación ou a adaptación ao cambio climático e para enfoques conxuntos con respecto a proxectos medioambientais e prácticas medioambientais en curso
- ✓ Submedida 16.8 Apoio para a elaboración de plans de xestión forestal ou instrumentos equivalentes

1.1. Submedida 16.1 Apoio para a creación e o funcionamento de grupos operativos da EIP en materia de produtividade e sustentabilidade agrícolas - Operación 16.1.2: Axuda para a execución de proxectos dos grupos operativos da AEI

A Asociación Europea da Innovación (AEI) é o marco onde atopan acomodo as iniciativas de innovación en materia de sustentabilidade e produtividade agraria. A estrutura instrumental da AEI artículase ao redor da rede europea que debe facer posible a conexión de grupos operativos, servizos de asesoramento e investigadores. Esta rede primaria, de ámbito comunitario, integrará as de carácter secundario, nacionais e rexionais, que cada territorio poida desenvolver con adecuación ás súas características particulares.

O segundo elemento estrutural do sistema confórmano os grupos operativos (GO), formados por, polo menos, dous actores interesados como agricultores, investigadores, asesores, entidades sen ánimo de lucro e empresas do sector agroalimentario ou que desenvolvan actividades no ámbito forestal, para a consecución dos obxectivos expostos mediante a posta en marcha dun proxecto innovador. Os grupos operativos constituiranse como principal vehículo para cumprir cos obxectivos da AEI, orientados á identificación de problemas concretos ou oportunidades nos sectores agroalimentario e forestal, a partir das cales se xeren iniciativas innovadoras que dean resposta e solucións a esas dificultades ou oportunidades detectadas, sempre no ámbito dos obxectivos da AEI e de maneira coherente coa estratexia RIS3 de Galicia.

Os axentes de innovación están chamados a xogar un papel esencial na animación e coordinación de grupos e proxectos, servindo de catalizadores do investimento privado en proxectos de I+D+i. Neste sentido, os grupos operativos poderán contar cun axente de innovación, que será a persoa ou organización que busque e poña en contacto aos actores idóneos para levar a cabo un proxecto innovador, sen ter, necesariamente, que estar involucrado tecnicamente. As súas tarefas tamén poderán incluír, entre outras, a asistencia para perfilar e concretar a idea do proxecto, a procura de fontes de financiamento e así como a preparación da solicitude de financiamento.

O axente de innovación poderá ser unha entidade integrada dentro do grupo operativo ou ben unha persoa ou entidade contratada polo grupo operativo.

A submedida 16.1 orienta a consolidación en Galicia dos elementos estruturais da AEI en materia de sustentabilidade e produtividade agraria, establecendo o esquema instrumental básico de financiamento, apoio e funcionamento das iniciativas de innovación ao amparo do programa de desenvolvemento rural para o período 2014-2020. Esta submedida inclúe dous tipos de operacións:

- ✓ Operación 16.1.1: Axudas á creación de grupos operativos da AEI
- ✓ Operación 16.1.2: Axuda para a execución de proxectos dos grupos operativos da AEI

1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?

Esta operación está dirixida a financiar os proxectos innovadores seleccionados, que cobre os gastos derivados da execución do devandito proxecto.

1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?

Poderán ser beneficiarios as persoas físicas ou xurídicas, que presenten unha solicitude de axuda para o funcionamento dun grupo operativo no marco da AEI e que cumpra os requisitos establecidos na convocatoria de axudas.

Un dos membros do grupo operativo actuará como representante e asumirá a xestión económica do proxecto e a plena responsabilidade fronte á Administración a efectos de pagos, reembolsos e recuperacións.

Os grupos operativos terán carácter autonómico, entendendo por iso que o proxecto presentado desenvolverase na Comunidade Autónoma de Galicia e estará destinado a resolver un problema existente no sector agrario, forestal e agroalimentario galego.

1.1.3. Como se outorga a axuda?

A través desta operación financiaranse a execución dos proxectos innovadores da AEI mediante convocatoria pública de bases reguladoras mediante concorrència competitiva.

1.1.4. Que tipo de gastos se financian?

Poderanse subvencionar os custos directos vinculados aos proxectos aprobados. Así mesmo serán elixibles os gastos derivados do funcionamento do grupo operativo durante o tempo necesario para o desenvolvemento das súas funcións vinculados ao proxecto seleccionado para o seu financiamento. En particular: gastos en infraestruturas estritamente necesarias para o desenvolvemento dos proxectos, equipamento e material inventariable (aparells, equipos, etc.), gastos de funcionamento, subministracións e material funxible, gastos de persoal investigador ou auxiliar, custo de colaboracións externas e outros custos indirectos nas condicións establecidas polo artigo 68 do Regulamento (UE) 1303/2013.

Serán subvencionables os gastos incluídos nalgunha das seguintes categorías:

- ✓ Os gastos de posta en marcha e funcionamento do proxecto, produto, práctica, proceso



e tecnoloxía ou cooperación.

- ✓ Os gastos de funcionamento do grupo operativo directamente ligados coas tarefas de coordinación para a execución do proxecto, así como os custos derivados do seguimento do proxecto, transferencia e difusión dos resultados.
- ✓ Os gastos relacionados coa organización de xornadas ou edición de material de difusión (publicacións, webs, asistencia a congresos ou feiras, visitas recibidas con relación ao proxecto).
- ✓ Os gastos de persoal técnico que participe no proxecto ou proposta. Neste caso, os importes subvencionables por hora de traballo, para cada categoría laboral serán os que resultan de dividir as cantidades seguintes entre 1.750, cun máximo anual equivalente á suma total establecida para cada categoría:
 - Titulado superior: 32.000 € anuais
 - Titulado medio: 27.000 € anuais
 - Técnico de FP de grao superior: 22.000 € anuais
 - Categorias laborais distintas das anteriores: 18.000 € anuais
- ✓ Os custos derivados do aluguer de equipos, instalacións ou leiras destinadas á realización das actuacións.
- ✓ Os custos derivados da compra de equipos e equipamento estritamente necesarios para a realización da actuación. En caso de compra de equipos de segunda man, deberán respectarse as condicións do artigo 13, letra b), do Regulamento Delegado (UE) 807/2014, debendo ademais achegarse certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial.
- ✓ Os custos de desprazamento e dietas relacionados coas actividades do proxecto.
- ✓ Os gastos de adquisición de fondos bibliográficos relacionados coa actividade.
- ✓ Os gastos de adquisición de pequeno equipamento científico-técnico.
- ✓ Custos derivados da subcontratación de servizos tecnolóxicos.
- ✓ Custos relativos á protección dos resultados (rexistro de patentes, incluído).
- ✓ Os gastos de material funxible necesarios para o desenvolvemento do proxecto.
- ✓ Os custos derivados da divulgación e transferencia de resultados.

En ningún caso serán subvencionables os gastos relativos a investigación básica ou fundamental nin os relativos a investigación independente.

Estableceranse custos de referencia con límites máximos admisibles para algúns tipos de gastos, en particular para os relativos á adquisición ou mellora de bens de equipo e funxibles.

1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?

Serán elixibles os grupos operativos para a fase de establecemento do grupo así como o axente de innovación, no seu caso, que presenten solicitude de axuda acompañada como mínimo da seguinte documentación:

- ✓ Descrición do proxecto, diagnose da situación, necesidade detectada, obxectivos, resultados esperados, impacto e relevancia do mesmo e a súa contribución ao obxectivo da AEI.
- ✓ Relación de participantes e a xustificación da conveniencia de cada participación para a consecución dos obxectivos do proxecto.
- ✓ Plan de actuación e cronograma da constitución do grupo operativo, a repartición de tarefas entre os compoñentes do grupo e orzamento estimado de gastos.
- ✓ Modelo de acordo de colaboración para as entidades participantes.
- ✓ Plan de divulgación dos resultados.

Só serán elixibles aqueles grupos operativos de carácter autonómico que presenten un proxecto para desenvolver na Comunidade Autónoma de Galicia destinado a resolver un problema existente no sector agrario, forestal ou agroalimentario galego.

1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?

Para garantir a idoneidade dos proxectos seleccionados, a selección requirirá da avaliación previa dos proxectos por un comité científico e profesional multidisciplinar, integrado por expertos cualificados en distintos ámbitos de interese que deberá emitir informes de avaliación dos proxectos presentados. En ningún caso formarán parte do Comité os membros das entidades que participan directa ou indirectamente no proxecto. Os proxectos que non alcancen a puntuación mínima requirida serán devoltos ao promotor para a súa revisión, se procede, ou arquivo definitivo.

Os criterios de selección que se empregarán na selección dos proxectos fundamentaranse nos seguintes aspectos:

- ✓ Calidade técnica do proxecto innovador (xustificación técnica, económica e ambiental do proxecto, grao de innovación, usuarios potenciais da aplicación da devandita innovación)



- ✓ Calidade do equipo técnico proposto
- ✓ Idoneidade dos compoñentes do grupo operativo en relación á execución do proxecto e consecución de obxectivos
- ✓ Alcance e impacto dos resultados. previstos na produtividade ou sustentabilidade
- ✓ Prioridades temáticas (incluídas no apartado de Información específica)
- ✓ Proxectos que melloren a competitividade e integren a protección ambiental nos sistemas produtivos (mellora da xestión da auga, xestión do chan, redución de gases efecto invernadoiro, redución da pegada de carbono,...)
- ✓ Plan de divulgación dos resultados
- ✓ Sinerxías con outras medidas Feader que teñan en conta a innovación e outros instrumentos de financiamento (Horizonte 2020, fondos nacional ou outros)

1.1.7. A canto ascende esta axuda?

Financiarase o 100% dos custos elixibles nos que efectivamente se incorreu, salvo que a actuación fora elixible nalgunha das restantes medidas do PDR, en cuxo caso aplicárase o máximo importe de axuda establecido nelas.

Establecese un importe máximo por solicitude de 200.000 euros e un importe mínimo por solicitude de 12.000 euros.

O grao de cumprimento dos mesmos valorarase nas avaliacións anuais e o seu incumprimento poderá supoñer unha redución da axuda inicialmente aprobada.

1.1.8. Quen xestiona esta axuda?

Esta axuda está xestionada pola Subdirección Xeral de Formación e Innovación Agroforestal da Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural.

1.1.9. Marco normativo

- ✓ Regulamento (UE) Nº 1291/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013 polo que se establece Horizonte 2020, Programa Marco de Investigación e Innovación
- ✓ Regulamento (UE) Nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns ao FEDER, FSE, Fondo de Cohesión, Feader e FEMP



- ✓ Regulamento (UE) Nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ✓ Regulamento Delegado (UE) Nº 807/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) Nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias
- ✓ Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- ✓ Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia
- ✓ Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico
- ✓ Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que trasponse ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014

1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados

- ✓ Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3 Galicia)
http://www.ris3galicia.es/wp-content/uploads/2014/03/ris3_folleto.pdf
- ✓ Axencia Galega de Innovación (Gain)
<http://gain.xunta.gal/>
- ✓ Asociación Europea para a Innovación "Productividade y sostenibilidade agrícolas" (EIP-AGRI)
https://ec.europa.eu/agriculture/research-innovation/eip-agriculture_es
- ✓ Portal de Innovación IDi-A (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación)
<http://www.idi-a.es>
- ✓ Programa Nacional de Innovación e Investigación Agroalimentaria e Forestal. Documento estratéxico. Xaneiro 2015 (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación)
http://www.idi-a.es/sites/default/files/magrama_programa_nacional_de_innovacion_e_investigacion_agroalimentaria_y_forestal_0.pdf
- ✓ Para obter máis información, consulte a sección 8.2.13.3.2 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020